



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

**Bases de selección para a contratación como persoal laboral temporal como socorristas na campaña de verán 2020, ao abeiro do programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020 da Deputación Provincial da Coruña (programa FO023B: programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020) e creación de bolsa de emprego.**

### 1 Obxecto da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para as contratacións laborais temporais.

### 2 Número de prazas

1

### 3 Tipo e duración do contrato

Contrato laboral temporal para a realización dun servizo determinado, modalidade de contrato de traballo temporal coas seguintes características:

Categoría profesional: socorrista

Grupo de cotización: 5

Custe salarial bruto (incluído pluses salariais): 1.524,39 euros/mes

Custe salarial mensual/base cotización: 1.524,39 euros

Seguridade Social Concello: 528,97 euros/mes

Custe salarial mensual total: 2.053,36 €

Modalidade de contrato: obra ou servizo, xornada completa

Duración do contrato: dous meses e quince días

Subvención Deputación da Coruña: 5.400,00 €

Achega municipal: 0,00 €

Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, así como as piscinas do termo municipal onde desenvolveran o seu traballo, determinarase pola Concellería competente en materia de Persoal.

Nas xornadas de traballo cando as condicións metereolóxicas impidan o desfrute da piscina por parte dos bañistas, o persoal de salvamento e socorrismo, realizará actividades formativas e prácticas de salvamento, co obxectivo de estar en perfectas condicións para desenvolver o seu traballo de socorristas, determinarase pola Concellería competente en materia de Persoal.

### 4 Obxecto do contrato

A persoa contratada realizará o traballo de socorrista, vixilancia e salvamento de persoas na piscina do concello, así como prestar a colaboración precisa as persoas con discapacidades no uso da cadeira anfibia, en réxime de dispoñibilidade plena.

Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

## **5 Requisitos xerais dos aspirantes**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

### a) Nacionalidade

Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

### b) Idade

Ter cumpridos 18 años de idade.

### c) Capacidade funcional

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante revisión médica ao finalizar o proceso selectivo.

### d) Habilitación:

Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

### e) Compatibilidade:

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### f) Profesionalidade

Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade có Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo redacción dada por Decreto 35/2017, do 16 de marzo (DOG nº 69 do 07/04/2017), que establece na súa disposición transitoria única unha prórroga automática do prazo de inscrición provisional ata o 10/04/2021.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

g) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias):

Título de certificado de escolaridade ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

h) Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

## 6 Publicidade da convocatoria

Publicación no taboleiro de edictos da Corporación e na paxina web do concello: <http://www.concellodabana.gal>

## 7 Solicitudes

As persoas candidatas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que figura nestas bases, no rexistro xeral do Concello de 9:00 a 13:30 horas, O prazo de presentación de solicitudes será de un (5) cinco naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web do concello.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello (de 9:00 a 13:30 h), na sede electrónica municipal: <http://www.concellodabana.gal>, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico: [concello@concellodabana.gal](mailto:concello@concellodabana.gal) a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia dos títulos esixidos
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), en defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non

teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para dictar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

- Certificado de escolaridade ou equivalente.
- De ser o caso, fotocopia do CELGA 1 ou equivalente.
- Fotocopia dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase, exclusivamente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (<http://www.concellodabana.gal>).

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 2 días hábiles, seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (<http://www.concellodabana.gal>).

En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto

A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 7ª.

## **8 Composición da comisión seleccionadora**

A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

**PRESIDENTE:**

Un/unha funcionario/a do Concello da Baña



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

### VOCAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello da Baña ou doutra administración local que se designen.

### SECRETARIO

O da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.

A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

### 9 Desenvolvemento do proceso:

**Oposición: máximo 6 puntos.**

**Proba física:** Consistirá na realización dunha proba física de carácter obrigatorio. A non comparecencia ó mesmo implica a eliminación.

Esta proba física realizarase na piscina municipal, que terá **unha valoración de 0 ata 6**, consistente en percorrer o seguinte:

- Entrada á auga e nado de dous largos da piscina municipal co material de salvamento.

O tempo contarase a partires do primeiro aspirante a pasar pola meta. <b>Tempo</b>	<b>Puntos</b>
1º clasificado	6
+ 0,50''	5
+ 1,00''	4
+ 1,50''	3
+ 2,00''	2

+ 2,50''	1
+ 3,00''	0

- As mulleres terán una bonificación de 10 segundos.

### **Concurso: máximo 4 puntos.**

#### 1. Experiencia profesional

8 ou mais tempadas: 4 puntos

5 a 7 tempadas: 3 puntos

2 a 4 tempadas: 2 puntos

0 a 1 tempadas: 1 punto

A experiencia acreditarase mediante vida laboral e certificado de servizos prestados

### **Proba de coñecemento da lingua galega:**

As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos.

Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.

**Puntuación final, máximo: 10 puntos.** Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global e sexan considerados competentes polo tribunal cualificador. En caso de empate, terá preferencia o que acredite maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida. A duración desta bolsa comprenderá ata o 31/12/2019, poderase prorrogar a duración desta bolsa de emprego por Resolución de Alcaldía.

### **10 Formalización dos contratos**

Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal por obra o servizo determinado**, cos candidatos seleccionados.

### **11 Presentación da documentación polos aspirantes aprobados**

Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Baña en horario de 9:00 a 13:30, **no prazo de 2 días hábiles**, dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello e na web municipal) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

- A persoa aspirante seleccionada terá que presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude: DNI, tarxeta de demandante de emprego para o seu cotexo.

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o alcalde-presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

### 12 Creación da bolsa de emprego

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas do proceso selectivo non obtivesen praza, ordenados de maior a menor puntuación incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente proceso selectivo.

É condición inescusable para a pertenza á dita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base quinta das bases.

Acudirase á dita lista para a selección de traballadores nos seguintes casos:

1. Substitución temporal dos titulares ou no seu caso dos substitutos dalgunha das prazas de persoal laboral do Concello da Baña, segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Estatuto dos Traballadores.
2. Acumulación de tarefas ou excesos puntuais de carga de traballo no suposto do artigo 15.1.b) Estatuto dos Traballadores.
3. Para a realización de unha obra o servizo determinados no suposto do artigo 15.1. a) do Estatuto dos Traballadores.

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos así coma a existencia de crédito orzamentario, o Alcalde-Presidente procederá ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na Sede Electrónica, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica polo menos por dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada na base anterior, se non o fixese anteriormente, no prazo indicado naquela.

A renuncia, salvo que manifestase por escrito no prazo máximo dun (1) día hábil dende a notificación da oferta, ou á non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito dirixida ao Alcalde-Presidente.

A duración da bolsa de emprego terá unha validez de catro anos contados dende a publicación destas bases na Sede Electrónica, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreta.

### **13 Normativa aplicable**

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, Lei reguladora das bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece na Base 4ª), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (<http://www.concellodabana.gal>). Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten a aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra estas bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente

## **ANEXO I**

### **MODELO DE SOLICITUDE**

D/Dª:

DNI:

---





## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@abana.dicoruna.es](mailto:correo@abana.dicoruna.es)  
[www.concellodabana.es](http://www.concellodabana.es)

Enderezo:

Teléfono:

EXPÓN

Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación en réxime laboral temporal e creación de bolsa de emprego de unha persoa socorrista, de acordo coas bases da convocatoria.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e coñece e acepta incondicionalmente as bases da convocatoria
- Que achega con esta solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

SOLICITA

Ser admitido/a a participar no proceso selectivo

Documentación que achega:

### ANEXO II

#### AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais derivados da participación na convocatoria para a selección dunha persoa socorrista baixo a modalidade de contrato temporal así como a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de socorrista no Concello da Baña serán tratados coa finalidade exclusiva de xestionar a súa participación na devandita convocatoria e futuras bolsas de emprego.

D/ Dña \_\_\_\_\_ e DNI número \_\_\_\_\_  
autorizo expresamente o tratamento de todos os meus datos persoais aos anteriores efectos, sen prexuízo de que poida exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A Baña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

Asinado